

## **SERVIZO DE EMPREGO E EMPRESA**

### **RESOLUCIÓN**

Á vista do informe proposta emitido pola Xefa do Departamento de Promoción Económica, coa conformidade da xefa do Servizo de Emprego e Empresa, de data 10 de xaneiro do 2017 no que se propón pequenas modificacións nas bases que rexerán a participación no Programa ACCEDE-Xa, e en uso das facultades que me confire a Lei 7/1985, de 2 de abril, e por delegación da Xunta de Goberno Local

### **RESOLVO:**

Aprobar unhas novas bases que rexerán a participación no programa ACCEDE XA, que quedarán do seguinte xeito:

#### ***BASES QUE REXEN A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA ACCEDE-Xa***

##### ***Base primeira: Definición do Programa***

---

*Estas bases teñen por obxecto facilitar a **consolidación de proxectos** que precisen pasar por unha fase de preincubación, a través de itinerarios formativos en materias que se consideran esenciais para o emprendemento empresarial, primando aqueles proxectos relacionados coa economía social que teñan previsto constituírse como cooperativas ou sociedades laborais.*

##### ***Base segunda: Obxectivos do Programa***

---

*O Programa, que persegue a consolidación dos proxectos para o emprendemento empresarial, ten ademais os seguintes obxectivos:*

- 1. Fomentar a cultura colaborativa e o traballo común, prestando apoio á creación e consolidación de emprego con base na económica social*
- 2. Apoiar ás persoas emprendedoras a través da formación e o asesoramento*

##### ***Base terceira: Persoas destinatarias do programa***

---

*Poderán ser beneficiarios/as do Programa ACCEDE-Xa as **persoas emprendedoras** cun proxecto ou idea empresarial que queiran desenvolver a través de autoemprego e se atopen **en fase de preincubación empresarial**.*

##### ***Base cuarta: Participación no programa e solicitudes***

---

*Poderán participar no Programa ACCEDE-Xa, e acceder ao proceso de selección, as persoas que cumpran os requisitos establecidos nestas bases e nos recollidos nas que rexen o proceso de admisión ao Centro.*

##### ***Base quinta: Liñas de desenvolvemento do programa***

---

*Para facilitar a consolidación dos proxectos, aos que se refire a base primeira, premiarase coa estancia gratuita en ACCEDE Papagaio aos integrantes de proxectos empresariais, en fase de preincubación, a través de dúas liñas de actuación:*

- **Liña de apoio á formación e asesoramento das persoas promotoras***
- **Liña de fomento da Economía Social.***



*No caso de proxectos grupais, só se poderán beneficiar do premio tres das persoas promotoras.*

#### **Base sexta: Liña de apoio á formación e asesoramento das persoas promotoras**

*Esta liña persegue mellorar a formación das persoas promotoras dos proxectos empresariais, antes da súa posta en marcha, a través da realización de itinerarios formativos, organizados polo Departamento de Promoción Económica do Servizo de Emprego e Empresa do Concello da Coruña, durante todo o ano de forma periódica.*

*Os programas de formación, que desenvolven contidos que se consideran esenciais para o emprendemento empresarial (Plan de empresa, Estudos de mercado, Fiscalidade, Financiamento, Márketing e técnicas de venda, Presentación de proxectos), difúndense mediante a súa publicación na web de Emprego ([www.coruna.es/empleo](http://www.coruna.es/empleo)).*

#### **Requisitos**

*Todas as persoas emprendedoras que teñan un proxecto empresarial e que queiran acollerse ao programa, a través desta liña de actuación, terán que cumprir os seguintes requisitos*

- 1. Asistir a tres talleres do itinerario formativo, organizado polo Concello a través do Departamento de Promoción Económica, un dos cales terá que ser o Taller Plan de Empresa.*
- 2. Presentar o Plan de Empresa correspondente ao seu proxecto.*
- 3. Asistir ás titorías de seguimento fixadas polo persoal técnico municipal do Departamento de Promoción Económica.*
- 4. Presenten o seu proxecto en formato papel e dixital e, no caso de que lle sexa requirido, realizar unha presentación do proxecto ante a Comisión de Selección do programa ACCEDE-Xa.*

*Entenderase que o primeiro requisito tamén estará cumprido cando as persoas que soliciten ser beneficiarias certifiquen que asistiron a un curso de Plan de Empresa ou similar e este homologado por calquera organismo público e/ou entidades sen ánimo de lucro que impartan formación relacionada co emprendemento.*

*En todo caso, a certificación non poderá ter unha antigüidade superior a tres anos na data da solicitude de acceso ao Programa.*

*Para acceder aos beneficios desta liña de actuación deben cumprir os requisitos todas e cada unha das persoas que forman parte do proxecto.*

#### **Base sétima: Liña de fomento da economía social**

*Esta liña de actuación persegue fomentar a constitución de entidades de economía social ás que se refire o artigo 6 da lei 6/2016 de 4 de maio da Economía Social de Galicia .*

#### **Requisitos**

- 1. Presentar un Plan de Empresa viable baixo a forma xurídica de cooperativa ou sociedade laboral.*
- 2. Asistir ás titorías de seguimento fixadas polo persoal técnico municipal do Departamento de Promoción Económica.*
- 3. Asistir aos cursos ou xornadas que o Departamento de Promoción Económica organice dentro da Rede Eusumo.*
- 4. Presenten o seu proxecto en formato papel e dixital e, no caso de que lle sexa requirido, realizar unha presentación do proxecto ante a Comisión de Selección do programa ACCEDE-Xa.*

#### **Base oitava: Procedemento de selección dos proxectos**

##### **Procedemento de selección**



*Constituirase unha **Comisión de Selección ACCEDE-Xa**, integrada por un docente participante na impartición dos talleres formativos e dous técnicos/as municipais.*

*Esta Comisión elaborará un informe valorando a idoneidade do proxecto, tendo en conta os requisitos do Programa e a viabilidade do Plan de Empresa presentado. Este informe, xunto co proxecto e demais documentación requirida nas bases de acceso a ACCEDE Papagaio trasladarase ao Comité de Valoración para a súa selección definitiva como beneficiario/a do Programa.*

*Os proxectos seleccionados terán dereito a unha estancia gratuíta por un período non superior a 6 meses, nos que se realizará apoio e seguemento dos mesmos por persoal técnico e mentores especialistas na materia obxecto do proxecto.*

*A cesión de espazo para un mesmo proxecto empresarial terá que estar limitado a un máximo de cinco módulos, incluíndo promotores e persoas contratadas.*

**Base Novena: Aceptación das Bases**

---

*A solicitude para participar no Programa ACCEDE-Xa implica o coñecemento e aceptación das presentes bases”.*

A Coruña, 10 de xaneiro de 2017

A Xunta de Goberno Local P.D.

O tenente de Alcalde responsable da Área de Emprego e Economía Social

  
Alberto Lema Suárez